



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Publicación da determinación dos membros da Corporación con dedicacións

ANUNCIO

Faise público que por Resolución da alcaldía 601/2025 do 30 de maio acordouse:

“1.-Deixar sen efecto con efectos do 01.06.2025 a dedicación parcial de M^a de los Ángeles Coira López de conformidade co réxime de dedicacións aprobado polo Pleno municipal en sesión do 29.05.2025

2.-Determinar os seguintes membros da Corporación que exercerán as súas funcións coas dedicacións aprobadas polo Pleno municipal en sesión do 29.05.2025 con efectividade dende o 01.06.2025:

- Alcaldesa-Presidenta: Alejandra Permuy Meizoso

3.-Publicar esta Resolución no Portal de Transparencia, BOP e taboleiro de edictos do Concello.”

Fene, 3 de xuño de 2025.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.

2025/3682



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Publicación de diversas resolucións da Alcaldía, relativas ao réxime organizativo do Concello de Fene e do acordo plenario sobre o réxime de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da corporación municipal

ANUNCIO

En base ao previsto nos artigos 44, 46 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE núm. 305, do 22.12.1986) eo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985), faise público que:

Primeiro.-Por Resolución da alcaldía 656/2023 do 28 de xuño acordouse:

“1º Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene ós seguintes concelleiros e concelleiras:

- Alejandra Permuy Meizoso
- Manuel Polo Gundín
- María Carmen Martínez Rodríguez
- Justo Martínez Ardá
- M^a de los Ángeles Coira López

2º Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da Alcaldía:

- a) Concesión de toda clase de licencias de parcelación e segregación, obra e instalación, as licencias de primeira ocupación, utilización e as licencias de apertura de establecementos e actividades, declaración completa de comunicacións previas e, en xeral, a súa toma en coñecemento, así como a declaración de innecesariedade de licencias de segregación, parcelación ou división de terreos.
- b) A concesión de autorizacións para a utilización privativa ou especial de bens de dominio público, agás as relativas a actividades recreativas consistentes en festas e verbenas.
- c) A aprobación dos expedientes e adxudicación das contratacións e concesións de toda clase, incluída a adquisición de bens e dereitos e demais negocios xurídicos patrimoniais cuxa competencia lle atribúe á Alcaldía a normativa vixente a partir dun valor estimado do contrato de 50.000 €, impostos excluídos, así como a modificación, resolución e imposición de penalidades por incumprimentos contractuais nos referidos expedientes de contratación e adquisición.
- d) O alleamento de bens e dereitos do patrimonio municipal cuxa competencia lle atribúe á Alcaldía a normativa vixente a partir dun valor estimado do contrato de 50.000 €.
- e) A aprobación da oferta de emprego público de cordo co presuposto e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal funcionario de carreira e laboral fixo e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- f) A declaración de situacións administrativas do persoal ó servizo da Corporación.
- g) Concesión, transmisión ou modificación de licencias de auto-turismo, así como a súa publicidade
- h) A concesión de subvencións cando estean sometidas a procedemento de concorrència competitiva.
- i) Recoñecer todas as obrigas e a aprobación de todos os gastos dentro dos límites que competan ó alcalde así como a ordenación do seu paqamento, coa excepción dos que se indican a continuación: as liquidacións por inserción de anuncios en boletíns e diarios oficiais, os gastos imputables ó capítulo 1 (nóminas, seguros sociais, etc), gastos de indemnizacións por asistencias a órganos colexiados dos membros da corporación, gastos de indemnizacións por razón do servizo do personal municipal e órganos de goberno, gastos obxecto de domiciliación bancaria (cotas de xuros e amortizacións da débeda municipal, comisións bancarias e outros gastos financeiros imputables ó capítulo 3, etc), e as facturas relativas a gasto corrente e pago periódico dos conceptos orzamentarios 200, 202, 213, 222, e dos subconceptos 22100, 22101, 22102, 22500, 22501 e 22502.

j) A aprobación inicial dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento urbanístico e a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

3º As delegacións feitas comprenden facultades resolutivas mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4º As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar todos os xoves ás 9.00 h en primeira convocatoria e unha hora máis tarde en segunda convocatoria. No suposto de que o día prefixado sexa festivo ou inhábil, a sesión realízase, co mesmo carácter de ordinario, o inmediato día hábil anterior.

5º Desta resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose aos designados e publicándose no boletín oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da súa sinatura.

6º Quedan derogados calquera outro decreto ou resolución que se opoña ao contido desta resolución.

7º Notificar persoalmente ós nomeados a presente resolución, ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta desta resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

Segundo.- Por Resolución da alcaldía 659/2023 do 28 de xuño acordouse:

“1º Nomear Tenentes de alcalde, pola orde que de seguido se indica, ós/ás seguintes señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1ª Tenente de alcalde: Alejandra Permuy Meizoso
- 2ª Tenente de alcalde: Manuel Polo Gundín
- 3º Tenente de alcalde: María Carmen Martínez Rodríguez
- 4ª Tenente de alcalde: Justo Martínez Ardá
- 5º Tenente de alcalde: Mª de los Ángeles Coira López

2º Corresponde ós nomeados substituírme na Alcaldía, pola orde sinala, nos casos legalmente establecidos.

3º Notificar persoalmente ós nomeados a presente resolución, ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta desta Resolución ó Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.”

Terceiro.- Por Resolución da alcaldía 660/2023 do 28 de xuño acordouse:

“1º Crear as seguintes áreas de goberno local, que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e do Regulamento orgánico municipal, que se corresponden cos seguintes sectores de actividade e goberno municipal:

I Desenvolvemento territorial e do medio

Esta área comprende as seguintes subáreas:

- Urbanismo e vivenda: comprenderá a xestión das competencias municipais sobre ordenación do territorio e urbanismo, relativas a plans e instrumentos de ordenación urbanística (incluída a súa redacción), xestión urbanística, expropiacións por razóns do urbanismo, políticas municipais de dotación do solo para vivendas sociais, promoción de vivendas sociais, disciplina urbanística, licenzas, comunicacións previas e demais autorizacións.
- Obras: comprenderá a preparación e xestión da planificación das obras municipais.
- Servizos: comprende a xestión dos servizos básicos municipais, ciclo da auga, recollida de residuos, cemiterio municipal, limpeza de vías públicas e infraestruturas urbanas(mobiliario urbano, redes de servizos.....), mantemento e conservación de parques, xardíns, zonas verdes, mantemento de edificios e instalacións municipais e o control e seguimento das obras de xestión directa.
- Medio ambiente: comprenderá a xestión de políticas municipais do medio ambiente, praias, ríos e ribeiras, deseño de novos espazos públicos, control de pragas, servizo de lacería, promoción da educación ambiental (redución do lixo, recollida selectiva, compostaxe...) e o Punto limpo.

Corresponderá a esta subárea aquelas materiais que se poidan considerar de forma xenérica incluídas nesta área e non estean atribuídas especificamente ás outras subáreas.

II Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación veciñal:

Esta área comprende as seguintes subáreas:

- Persoal: comprende a xestión dos recursos humanos, organización e réxime interior do concello, métodos de traballo, relacións cos representantes dos traballadores e arquivo municipal, así como a xestión e coordinación da contratación pública e dos procesos de licitación municipal.

- Formación e emprego: comprende as políticas municipais que garden relación coa promoción do emprego, inserción laboral, formación ocupacional e escolas obradoiros.
- Seguridade: comprende a xestión da seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas, protección civil e policía local. Licenzas e Rexistro de animais perigosos.
- Participación veciñal: comprende a xestión do Consello de Participación Cidadá, o seu funcionamento e dinamización; a dinamización da páxina web, radio municipal, adaptación administrativa e impulso do uso das novas tecnoloxías; posta en marcha da OMIC; implementación de medidas de transparencia na xestión municipal.

III Dinamización Económica

- Facenda e Patrimonio: comprende a xestión económica do concello, seguimento e control de investimentos, preparación dos orzamentos, xestión tributaria e recadación, política fiscal, preparación das ordenanzas fiscais, estatística e patrimonio municipal (inventario de bens, dereitos e obrigas; administración e defensa do patrimonio municipal, expropiación forzosa non urbanística).
- Promoción económica: comprende as políticas municipais de dinamización e potenciación da vida económica local, industria, turismo e promoción dos valores turísticos do concello; relacións cos axentes locais na procura de políticas integrais de desenvolvemento e fomento de actividades económicas, promoción das novas tecnoloxías, promoción do comercio e xestión da mellora dos servizos municipais en favor da eficiencia enerxética e na utilización dos recursos públicos; feiras, mercados, abastos, lonxas e comercio ambulante; dinamización do Polígono industrial de Vilar do Colo e xestións con SEPES nesta materia.

IV Dinaminación social

Esta área comprende as seguintes subáreas:

- Benestar Social: comprende as políticas municipais de prestación de servizos asistenciais aos cidadáns, atencións ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, atención á terceira idade e as escolas infantís.
- Igualdade: políticas de igualdade, política de inmigración, muller e conciliación da vida laboral e familiar, menores, atención ao maltrato familiar e programas de educación familiar
- Cultura: comprende a xestión e programación das políticas municipais da cultura e das instalacións culturais municipais, así como a normalización lingüística. Asociacionismo.
- Xuventude: comprende a dinamización da OMIX e a xestión de políticas dirixidas á xuventude no eido do tempo libre e ocio.
- Deportes: comprende a xestión e programación das políticas deportivas municipais. Instalacións deportivas.
- Ensino: comprende a xestión e programación das relacións cos centros e coa comunidade educativa, o mantemento das instalacións educativas que sexan da competencia do concello e demais competencias municipais no eido da educación, agás as escolas infantís que estarán incluídas na subárea de Benestar social.

2º Correspóndelle á Alcaldía a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan no funcionamento ordinario en torno á adscrición a unha área determinada dunha concreta materia.”

Cuarto.- Por Resolución da alcaldía 665/2023 do 29 de xuño acordouse:

“1º Efectuar a favor dos Sres/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas que se relacionan:

- I Delégaselle a Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio ao concelleiro Manuel Polo Gundín.
- II Delégaselle a Área de Dinamización do emprego, Seguridade e Participación veciñal á concelleira Alejandra Permy Meizoso.
- III Delégaselle a Área de Dinamización Económica á concelleira Mª de los Ángeles Coira López.
- IV Delégaselle a Área de Dinamización Social ao concelleiro Justo Martínez Ardá.

2º As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- a) Abarcarán a facultade de coordinar as diferentes subáreas nas que se divide cada área, dirixindo os servizos correspondentes, sen prexuízo das facultades de xestión encomendadas aos delegados especiais, incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.
- b) A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.

c) A Alcaldía poderá avogar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

d) Corresponderá á Alcaldía resolver las posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

3º Conferir as seguintes delegacións especiais ó/as seguintes concelleiros/as que a seguir se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

- I Conferir a delegación das subáreas de Urbanismo e Vivenda e Obras (Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio) ao concelleiro Manuel Polo Gundín.
- II Conferir a delegación da subárea de Medio Ambiente (Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio) ao concelleiro Justo Martínez Ardá.
- III Conferir a delegación das subáreas de Servizos (Área de Desenvolvemento Territorial e do Medio), á concelleira Alejandra Permuy Meizoso.
- IV Conferir a delegación da subárea de Formación e Emprego e o servizo de Radio municipal (Área de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación veciñal) á concelleira Cristina García Moroño.
- V Conferir a delegación das subáreas de Persoal, Seguridade e Participación Veciñal á concelleira Alejandra Permuy Meizoso.
- VI Conferir a delegación das subáreas de Facenda e Patrimonio e Promoción Económica (Área de Dinamización Económica) á concelleira M^a de los Ángeles Coira López.
- VII Conferir a delegación da subárea de Benestar Social (Área de Dinamización Social) á concelleira Alejandra Permuy Meizoso
- VIII Conferir a delegación da subárea de Cultura (Área de Dinamización Social) ao concelleiro Justo Martínez Ardá.
- IX Conferir a delegación das subáreas de Xuventude e Deportes (Área de Dinamización Social) ao concelleiro Adán Chao Pardo.
- X Conferir a delegación das subáreas de Igualdade e Ensino (Área de Dinamización Social) á concelleira M^a Carmen Martínez Rodríguez

4º As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O/A Concelleiro/a que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais.

5º Esta Resolución será efectiva dende o día da súa sinatura e será notificada ós/ás interesados/as, facéndolles saber que, de acordo co que dispón o artigo 114 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a delegación entenderase aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación non realizan ningunha manifestación expresa no senso contrario ante o órgano delegante.

Non obstante o anterior, a eficacia da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros delegada no/as concelleiro/as delegado/as de área farase efectiva unha vez estean habilitados os mecanismos técnicos precisos que lles permitan asinar dixitalmente, do cal se dará constancia mediante Resolución da alcaldía que se anunciará no Portal de Transparencia e no Boletín oficial da provincia de A Coruña.

6º Ordenar a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia e Portal de Transparencia en cumprimento do que dispoñen os artigos 44 e 46 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e o artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

7º Dar conta desta Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

Quinto.-Por acordo plenario do 06.07.2023 acordouse:

“1º Fíxanse as seguintes dedicacións:

- Alcalde-Presidente: dedicación parcial de 28.396,13 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 60% da xornada laboral.
- Concelleiro/a 1: dedicación parcial de 25353,27 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 80% da xornada laboral.

- Concelleiro/a 2: dedicación parcial de 23768,69 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 75% da xornada laboral.
- Concelleiro/a 3: dedicación parcial de 15845,80 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 50% da xornada laboral.
- Concelleiro/a 4: dedicación parcial de 15845,80 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 50% da xornada laboral.

A deivindicación das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro estarán suxeitas ás mesmas normas que as previstas para o persoal funcionario.

2º Solicitar ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social a afiliación e alta do/as concelleiro/as con dedicación

3º Os membros da Corporación que non desempeñen cargos en réxime de dedicación percibirán, pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, as asistencias que de seguido se indican:

Órgano colexiado	Importe (€)
Sesión ordinaria Pleno	500,00 €/sesión
Sesión extraordinaria Pleno	100,00 €/sesión
Xunta de Delegados	350,00 €/sesión
Xunta de Goberno Local	30,00 €/sesión
Comisión Informativa/Especial de Contas	50,00 €/sesión

O pago das asignacións realizarase previo certificado da Secretaría da Corporación ou informe do/a funcionario/a que exerza a secretaría da sesión do órgano colexiado da asistencia efectiva de cada un dos membros da corporación municipal ás correspondentes sesións.

En caso de concorrer dúas ou máis sesións de calquera dos órganos indemnizables no mesmo día cuxa hora de inicio, segundo a convocatoria, non difira en máis de tres horas, o/as Sre/as. concelleiros/as de que se trate percibirán a cantidade correspondente a unha soa sesión, aplicándose a sinalada á de maior contía.

Fíxase un máximo anual de indemnizacións por asistencias a determinados órganos colexiados de acordo co seguinte:

- Sesións extraordinarias do Pleno da Corporación e Xunta de Goberno Local: máximo indemnizable 10 sesións por exercicio, a excepción do ano 2023 no que serán só indemnizables, como máximo, 4 sesións que se celebren a partir da adopción do presente acordo.
- Sesións extraordinarias da Xunta de Delegado/as: máximo indemnizable 4 sesións por exercicio, excepto para o ano 2023 que serán só indemnizables, como máximo, 2 sesións que se celebren a partir da adopción do presente acordo.
- Sesións extraordinarias das Comisións Informativas: máximo indemnizable 10 sesións por exercicio, excepto para o ano 2023 que serán só indemnizables, como máximo, 4 sesións que se celebren a partir da adopción do presente acordo.

Non serán indemnizables as sesións constitutivas dos órganos colexiados.

4º A contía das dedicacións parciais e indemnizacións por asistencias a órganos colexiados fixadas neste acordo serán revisadas para cada exercicio orzamentario con efectos de 1 de xaneiro, na forma que establezan as bases de execución do orzamento de cada exercicio.

5º As indemnizacións por gastos ocasionados no exercicio do seu cargo por parte dos cargos electos do concello regularanse nos termos que a continuación se indican:

1) Só dan dereito a indemnización os gastos ocasionados en comisións de servicio fóra do termo municipal do Concello de Fene levadas a cabo por :

- Alcalde presidente
- Concelleiros, previa autorización por parte do Alcalde.

2) Conceptos indemnizables.

Os cargos electos cando realicen algunha das funcións que dan dereito a indemnización segundo o Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas, segundo o apartado anterior, serán resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados que sexan necesarios para o exercicio das citadas funcións, de acordo coa xustificación documental dos mesmos.

En caso contrario, indemnizarase na contía sinalada para o grupo 1 do anexo II e III do Real decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou polas normas que modifiquen a contía e o réxime destas.

3) Criterios de deivindicación dos gastos de aloxamento e manutención.

3.1. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a un día natural, en xeral non se percibirán indemnizacións por gastos de aloxamento nin de manutención salvo cando, tendo a comisión unha duración mínima de cinco horas:

- esta se inicie antes das catorce horas y remate despois das dezaseis horas.

Neste supostos poderán abonarse os gastos de manutención que se xustifiquen.

3.2. Nas comisións cuxa duración sexa igual ou inferior a vinte catro horas, pero comprendan parte de dous días naturais, poderán percibirse indemnizacións por gastos de aloxamento correspondentes a un só día e os gastos de manutención nas mesmas condicións fixadas no seguinte apartado para os días de saída e regreso.

3.3. Nas comisións cuxa duración sexa superior a vinte catro horas terase en conta:

- a) No día de saída poderanse percibir gastos de aloxamento pero non gastos de manutención, salvo que a hora fixada para iniciar a comisión sexa anterior as catorce horas, poderanse percibir gastos de manutención de comida e cena, reducíndose a cena cando dita hora de saída sexa posterior as catorce horas pero anterior as vintedúas horas.
- b) No día de regreso non se poderán percibir gastos de aloxamento nin de manutención, salvo que a hora fixada para concluír a comisión sexa posterior as catorce horas, en cuxo caso se percibirá, con carácter xeral, unicamente unha única indemnización pola comida. Se a hora fixada para concluír a comisión é posterior ás 22.00 horas percibirá tamén a indemnización pola cea.
- c) nos días intermedios entre os de saída e regreso se percibirán dietas de tódolos gastos de manutención ocasionados que estean debidamente xustificadas(almuerzo, comida e cea) .

4) Indemnizacións por gastos de viaxe.

4.1.- Toda comisión de servizo dará dereito a viaxar pola conta do Concello dende o lugar de inicio ata o de destino, e o seu regreso, no medio de transporte que se determine ao autorizar a comisión, procurándose que o desprazamento efectúese por liñas regulares.

Se o autorizar a comisión de servizo non se determinara expresamente o medio de transporte, o comisionado poderá empregar os medios regulares dispoñibles e, no seu caso, cas instrucións impartidas a hora de aprobar a comisión de servizo.

4.2.- Indemnizaranse polo importe do billete ou pasaxe utilizado, o importe xustificado, cos seguintes límites:

- a) Avión: clase turista ou clase de contía inferior a prevista para aquela.
- b) Trens de alta velocidade: grupo primeiro, clase preferente; segundo e terceiro grupo, clase turista.
- c) Trens nocturnos: grupo primeiro, cama preferente; segundo y terceiro grupo, cama turista ou liteiras.
- d) Trens convencionais e outros medios de transporte: grupos primeiro e segundo, clase primeira ou preferente; terceiro grupo, clase segunda ou turista.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, nos casos de urxencia cando non houbera billete ou pasaxe da clase que corresponda, ou por motivos de representación ou duración dos viaxes, a autoridade que ordene a comisión poderá autorizar unha clase superior.

Nos casos en que se utilicen para o desprazamento medios gratuítos do Estado non se terá dereito a ser indemnizado por este concepto.

Así mesmo, poderanse indemnizar os gastos de:

1) consignas de equipaxes cando o comisionado vexase obrigado a permanecer «en tránsito» nalgunha cidade ou no propio aeroporto ou estación.

2) taxis ou vehículos de aluguer con ou sen condutor en destino, sempre que se autorice excepcionalmente na orden de comisión.

3) billetes de metro tamén serán indemnizables, neste caso non será necesaria a autorización expresa na orde da comisión de servizo.

4.3.-Cando na orden da comisión se autorice a súa utilización, serán así mesmo indemnizables como gastos de viaxe, unha vez xustificadas documentalmente, os gastos de desprazamento en taxi entre as: estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos, así como tamén dende o parking onde se deixe o vehículo propio; e o lugar de destino da comisión ou el lugar da residencia oficial, segundo se trate da ida ou de regreso, respectivamente, así como os correspondentes a xestións ou dilixencias, en dito lugar, especificamente relacionadas co servizo de que se trate e sempre cos medios regulares de transporte resulten claramente inadecuados.

5) Utilización de vehículos particulares e outros medios especiais de transporte.

Cando, así se determine na orden da comisión, poderase utilizar nas comisións de servizo, vehículos particulares.

Téñase en conta que o importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular na comisión de servizo, queda fixada en 0,19 euros por quilómetro recorrido polo uso de automóviles, conforme o establece o artigo 1 da Orden de EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización polo uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Neste caso tamén resultarán indemnizables, previa xustificación documental, os gastos de peaxe en autopistas, nos casos en que polas características do percorrido, se considerase necesario polo órgano que designa a comisión e se prevera na correspondente orden.

6) Revisión das indemnizacións.

A contía das indemnizacións derivadas do uso do vehículo particular será aplicable a norma estatal que leve a cabo a actualización do importe das mesmas.

7) Outros gastos.

Así mesmo tamén serán considerados como gastos indemnizables por parte da Corporación os dos cargos electos cando sexan ocasionados con motivo da matrícula en cursos impartidos polas administracións públicas e dirixidos nas súas convocatorias ós cargos electos.

8) Procedemento para levar a cabo a comisión e a súa indemnización.

Será preciso solicitar a autorización ao Alcalde do Concello quen a través de autorización determinará a data, o lugar de destino, a hora estimada de comezo e fin da comisión de servizo, o medio de transporte que se autoriza a utilizar, etc e demais extremos precisos conforme os artigos anteriores.

Logo de celebrada a comisión os cargos electos deberán presentar con carácter previo ao abono da mesma a conta xustificativa, coas facturas ou documentos substitutivos correspondentes xustificativas do gasto realizado. Respecto a conta xustificativa deben coincidir os conceptos xustificadas ca orde de comisión de servizo emitida polo Alcalde.

Unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal, farase efectivo o abono da indemnización a través de transferencia ao interesado.

Posibilitase con carácter excepcional, e en casos debidamente xustificadas no expediente, que o abono das indemnizacións teña carácter de a xustificar.

Para o non previsto expresamente neste acordo, será de aplicación o RD462/2002, de 20 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e disposicións de desenvolvemento ou normas de carácter xeral que as substitúan.

6º Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia , ós efectos do disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril"

Fene, 10 de xullo de 2023.

Asinado dixitalmente polo Alcalde Juventino José Trigo Rey.

2023/5818



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Anuncio da delegación da presidencia das comisións informativas permanentes e determinación dos membros da corporación con dedicación parcial

ANUNCIO

En base ao previsto no artigo 44.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE núm. 305, do 22.12.1986) eo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985), faise público que:

Primeiro.-Por Resolución da alcaldía 702/2023 do 07 de xullo acordouse:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: DELEGACIÓN DAS PRESIDENCIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

FEITOS

O 17.06.2023 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene que xurdiu das eleccións municipais do 28.05.2023.

O 28.06.2023 ditei as Resolucións da Alcaldía 656/2023 de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, 659/2023 de nomeamento de Tenentes de Alcalde e 660/2023 de creación de áreas de goberno.

O 06.07.2023 o Concello Pleno, na súa sesión extraordinaria, acordou a creación, composición e periodicidade das seguintes Comisións Informativas permanentes:

- I **Comisión informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio**
- II **Comisión informativa de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación Veciñal**
- III **Comisión informativa de Dinamización económica**
- IV **Comisión informativa de Dinamización Social**

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985) e o artigo 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, do 05.08.1997) establecen as competencias do alcalde que poden ser obxecto de delegación.

O artigo 47 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Fene sinala que: “O alcalde ou alcaldesa-presidente/a do Concello de Fene é o presidente/a nato de todas as Comisións Informativas que funcionen neste Concello, sen prexuízo de que poida delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación.”

Logo de ver todo canto antecede, RESOLVO:

1. Delegarlles a presidencia efectiva das seguintes Comisións do Concello de Fene aos seguintes tenentes de alcalde:

- **Á concelleira María de los Ángeles Coira López, a presidencia da Comisión Especial de Contas e da Comisión informativa de Dinamización económica**
- **Ao concelleiro Manuel Polo Gundín, a presidencia da Comisión informativa de Desenvolvemento Territorial e do Medio**
- **Á concelleira Alejandra Permy Meizoso, a presidencia da Comisión informativa de Dinamización do Emprego, Seguridade e Participación Veciñal**
- **Ao concelleiro Justo Martínez Ardá, a presidencia da Comisión informativa de Dinaminación Social**

2. Estas delegacións fanse sen prexuízo de que a Alcaldía poida avocar, en calquera momento, a dita presidencia e de que poida exercer a presidencia no caso da ausencia da presidenta ou presidente delegada/o.

3. Notificarlle esta resolución aos interesados, indicándolles que, segundo o artigo 114 ROF, esta delegación enténdese aceptada tacitamente se no termo de 3 días hábiles a contar dende a notificación deste acordo non fan manifestación expresa ante o órgano delegante (o alcalde) de que non acepta a devandita delegación.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

Con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes dende que reciba a notificación, ante mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Directamente ante vía xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da data de notificación se fose expreso; se fose presunto, o prazo será de seis meses a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Sen prexuízo de que o interesado, poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Este recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Ferrol, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

4. Darlle conta ao Pleno desta Resolución na primeira sesión que se realice.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe."

Segundo.- Por Resolución da alcaldía 726/2023 do 14 de xullo acordouse:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: DETERMINACIÓN DE MEMBROS DA CORPORACIÓN CON DEDICACIÓN PARCIAL

Na sesión plenaria do 06.07.2023 adoptouse o seguinte acordo:

"1º Fíxanse as seguintes dedicacións:

- Alcalde-Presidente: dedicación parcial de 28.396,13 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 60% da xornada laboral.
- Concelleiro/a 1: dedicación parcial de 25353,27 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 80% da xornada laboral.
- Concelleiro/a 2: dedicación parcial de 23768,69 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 75% da xornada laboral.
- Concelleiro/a 3: dedicación parcial de 15845,80 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 50% da xornada laboral.
- Concelleiro/a 4: dedicación parcial de 15845,80 € brutos anuais distribuídos en 12 pagas mensuais e dúas extraordinarias da mesma contía nos meses de xuño e decembro. O réxime de dedicación mínima diaria será do 50% da xornada laboral."

Conforme ao artigo 75.5 LBRL por Resolución da alcaldía determinaranse os membros da Corporación que realicen as súas funcións con dedicación, polo que, en base ao que antecede, RESOLVO:

1.-Determinar os seguintes membros da Corporación que exercerán as súas funcións con dedicación parcial a partir do 14.07.2023:

- Alcalde-Presidente: Juventino José Trigo Rey
- Concelleira 1: Alejandra Permuy Meizoso
- Concelleira 2: Mª de los Ángeles Coira López

2.-Publicar esta Resolución no Portal de Transparencia, BOP e taboleiro de edictos do Concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe."

Fene, 28 de xullo de 2023.

Asinado dixitalmente polo Alcalde Juventino José Trigo Rey.

2023/6301